

## INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*Resolución do 25 de abril de 2005 pola que se fai público o acordo do Consello de Dirección deste instituto que establece un programa de préstamos para financiar proxectos en materia de innovación tecnolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Con data do 28 de marzo de 2005 o Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) adoptou o acordo de establecer unha liña de préstamos dedicada ao financiamento de proxectos en materia de innovación tecnolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para os efectos do seu xeral coñecemento e, en virtude das facultades que teño conferidas mediante o artigo 12 a) da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica e do artigo 11.º a) do Decreto 317/1992, do 12 de novembro, polo que se aproba o regulamento do Igape,

### *RESOLVO:*

Único.-Publicar o programa de préstamos para financiar proxectos en materia de innovación tecnolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, acordada polo Consello de Dirección do instituto na súa reunión con data do 28 de marzo de 2005, o que figura como anexo I a esta resolución.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2005.

Margarita Rodríguez Rama  
Directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

### *ANEXO I*

Programa de préstamos para financiar proxectos en materia de innovación tecnolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

A innovación tecnolóxica é un elemento clave para aumentar a produtividade das empresas e, sobre todo, a súa competitividade, converténdose así nun instrumento de primeira orde para lograr o desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

Nos mercados actuais, sometidos a constantes cambios, a innovación é a base para a consecución dun crecemento sustentable por parte das empresas na Comunidade Autónoma de Galicia.

A tecnoloxía e a innovación constitúen, neste contexto, variables que deben ser enfocadas de xeito estratéxico, que deben abranguer a planificación, o coñecemento do proceso innovador, os factores que inciden neste, así como a formulación da estratexia innovadora e a xestión das tecnoloxías que se van utilizar.

Considérase polo tanto conveniente que a innovación, estratéxica para a nosa actividade económica, poida dispoñer dunha liña de préstamos necesarios para a súa implantación.

O Decreto 154/2004, do 7 de xullo, habilita o Igape a conceder, no ámbito das súas funcións, préstamos ou créditos destinados a financiar o desenvolvemento e/ou implantación en Galicia de proxectos empresariais en materia de innovación tecnolóxica.

En virtude destes antecedentes, o Consello de Dirección do Igape na súa reunión con data do 28 de marzo de 2005 tomou o acordo de aprobar un programa de préstamos destinados a financiar o desenvolvemento

e/ou implantación en Galicia de proxectos empresariais en materia de innovación tecnolóxica, coas seguintes características:

Primeiro.-Dotación da liña para a concesión de préstamos.

Con cargo á partida 02.01.16/02/04.252030 do orzamento do Igape para 2005, habilitase un crédito para a concesión de préstamos para financiar proxectos en materia de innovación tecnolóxica coa cantidade inicial de 1.000.000 de euros. O remanente que, se é o caso, puidese resultar ao final do exercicio incorporarase coa mesma finalidade ás dotacións orzamentarias do exercicio seguinte.

Segundo.-Características do programa.

Prestameiras: sociedades mercantís que cumpran os seguintes requisitos:

a) Desenvolvan un proxecto de innovación na Comunidade Autónoma de Galicia. Excepcionalmente, o Igape tamén poderá conceder préstamos ou créditos a empresas establecidas en Galicia para actividades ou proxectos para realizar fóra da comunidade autónoma, valórandose neste caso especialmente o mantemento da actividade en Galicia da solicitante.

b) Pertenzan aos sectores de actividades recollidos no Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2002-2005, isto é:

- Recursos agropecuarios.
- Recursos mariños.
- Biodiversidade e recursos forestais.
- Recursos enerxéticos e mineiros.
- Biotecnoloxía e tecnoloxías farmacéuticas e de ciencias da saúde.
- Tecnoloxías da alimentación.
- Tecnoloxías ambientais.
- Tecnoloxías dos materiais.
- Tecnoloxías da construcción e da conservación do patrimonio.
- Tecnoloxías da información e das comunicacóns.
- Tecnoloxías de deseño e producción industrial.
- Educación.
- Saúde pública.
- Turismo, ocio e deporte.
- Dereito, economía e empresa.
- Sociedade da información.

c) Acrediten a súa capacidade técnica para o seu desenvolvemento e capacidade financeira suficiente para cubrir con recursos propios un mínimo do 30% do orzamento total do proxecto.

Con carácter previo á súa resolución, o Igape solicitará o informe da Consellería de Innovación, Industria e Comercio respecto do grao de innovación e viabilidade técnica do proxecto, que deberá ser favorable para a concesión do préstamo.

Finalidade: financiar o custo das seguintes actividades:

1.1. Actividades de desenvolvemento relativas a:

a) Investigación industrial, entendida como investigación planificada ou os estudos críticos que teñan por obxecto a adquisición de novos coñecementos que poñan resultar de utilidade para a creación de novos produtos, procesos ou servizos, ou contribuír a mellorar os existentes.

b) Actividades de desenvolvemento precompetitivas, consistentes na materialización dos resultados da investigación industrial nun plano, bosquexo ou deseño para produtos, procesos ou servizos novos, modificados ou mellorados, destinados á súa venda ou á súa utilización, incluída a creación dun primeiro prototípo non comercializable. Pode abranguer tamén, a formulación conceptual e os deseños doutros produtos, procesos ou servizos.

c) Proxectos de demostración, destinados ao desenvolvemento de experiencias piloto ou demostracións para aplicacións industriais ou para a súa explotación comercial.

1.2. Implantación de proxectos de innovación dirixidos á producción directa de novos produtos, á creación de novos procesos ou á prestación de novos servizos ou a obter melloras substanciais nos xa existentes.

Importe de financiamento: con carácter xeral ata o 50% do orzamento do proxecto, podendo excepcionalmente acadar ata o 70%. O importe mínimo do préstamo será de 60.000 € e o máximo de 300.000 €, cun límite máximo de risco vivo por prestameira de 600.000 €. Excepcionalmente, por acordo do Consello de Dirección do Igape, estes límites poderán ser superados.

O préstamo do Igape será compatible con outras fontes de financiamento públicas e/ou privadas, tanto subvencións como préstamos. O importe do préstamo do Igape limitarase á parte que non cubran as ditas fontes de financiamento alternativas.

Prazo e carencia: o prazo de reembolsamento das operacións será como máximo de 7 anos.

O prazo de carencia do principal e xuros establecerase para cada operación segundo as características do proxecto. A carencia de xuros levará canda si a súa capitalización co principal.

Tipo de xuro: variable: Euribor a seis meses más 0,50 p.p.

Liquidación de xuros e amortización: a liquidación de xuros será semestral sen prexuízo dos períodos de carencia que se establezan. Os prazos de devolución determinaranse contractualmente dentro dos límites establecidos.

Terceiro.-Solicitud.

Os interesados presentarán nas oficinas do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) ou en calquera das formas previstas pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ademais de todos os antecedentes que se consideren necesarios para a adecuada análise de viabilidade da operación, o for-

mulario de solicitude (anexo II), que deberá estar acompañado da seguinte documentación por duplicado:

-Cuestionario-memoria do proxecto (anexo III).

-Plan de disposición de fondos o que, unha vez acordado, condicionará os prazos de disponibilidade da operación financeira e con base na xustificación documental da execución das programacións anteriores.

-Descripción das garantías que, se é o caso, se ofrezan para cubrir o risco da operación.

-Contas anuais correspondentes aos dous últimos exercicios.

-Autorización ao Igape para recadar a información acreditativa da solvencia e situación patrimonial, segundo anexo IV (deberase cubrir a autorización na súa versión en castelán).

-Certificación acreditativa de atoparse ao día das obrigas fiscais, coa Administración autonómica e a Seguridade Social, expedida polos respectivos organismos.

-Documentación administrativa da empresa (CIF, DNI do asinante da solicitude, escritura de constitución e dos estatutos debidamente inscritos no rexistro competente e as súas modificacións posteriores, e poder do representante que presenta a solicitude, inscrito, se é o caso, no rexistro competente).

-Declaración expresa das axudas solicitadas para o mesmo proxecto (anexo V).

-Calquera outra documentación ou información adicional que considere conveniente para unha correcta análise da solicitude.

Cuarto.-Operativa do préstamo.

O tipo de xuro variará por semestres naturais e determinarase de acordo coa seguinte norma:

1. Tipo de referencia: para o primeiro semestre de cada ano calcularase como a media aritmética simple dos tipos diarios do Euribor a prazo de 6 meses correspondentes ao mes de novembro do ano anterior. Para o segundo semestre será a media aritmética simple dos tipos diarios do Euribor a prazo de 6 meses correspondentes ao mes de maio do mesmo ano.

2. Tipo adicional: 0,50 puntos porcentuais.

3. O tipo de xuro nominal anual dos préstamos será, para cada semestre natural, o resultante de engadirlle ao tipo de referencia o tipo adicional. Se o tipo de xuro resultase con varios decimais, redondearase ata a más próxima vixésima parte do punto.

4. Para os efectos deste acordo, enténdese por Euribor (Euro Interbank Offered Rate, isto é, tipo interbancario ofrecido en euros) a prazo de seis meses, como o tipo de xuro para depósitos interbancarios en euros a prazo de seis meses publicado pola Federación Bancaria Europea ou pola entidade pública ou privada, española ou da Unión Europea, designada para tal efecto.

5. No caso de que desaparecese o Euribor, o tipo de xuro de referencia calcularase segundo o dispuesto no contrato de préstamo ou supletoriamente, segundo as disposicións que para tal efecto o Igape publique no *Diario Oficial de Galicia*.

6. O tipo de xuro de referencia para cada semestre será publicado no *Diario Oficial de Galicia*.

7. O devengo de xuros será por días naturais, base 360, con liquidacións semestrais, que comenzarán a computarse desde o primeiro día inmediato posterior á data de disposición. Non obstante, o primeiro período de liquidación será irregular e igual ou inferior aos 6 meses polos días que transcorran desde a data da disposición ata o último día do semestre en que se realizou a disposición.

8. O tipo de xuro nominal dos préstamos que se formalicen no primeiro semestre de 2005 será o 2,70%.

Quinto.-Xuros de demora.

En caso de atraso no pagamento dalgunha das sumas debidas en virtude dos contratos de préstamo que se formalicen, a prestameira incorrerá de pleno dereito en mora sen necesidade de requerimento previo e virá obrigada a pagar sobre a suma vencida o tipo de xuro do Euribor a 6 meses máis o 4% anual. Os ditos xuros liquidaranse coincidindo co seguinte vencemento semestral de xuros.

Os importes vencidos e non satisfeitos capitalizaranse como aumento de capital debido e devengarán, pola súa vez, novos réditos ao tipo de xuro moratorio que resulte segundo o parágrafo anterior.

Os xuros moratorios devengaranse por días naturais sobre a base dun ano de 360 días.

Sexto.-Amortización anticipada.

A prestameira ten a facultade de proceder ao reembolsamento total ou parcial do préstamo, mediante notificación dirixida ao Igape cun aviso previo mínimo de 15 días hábiles, e coincidente, en calquera caso, cunha data de revisión de tipo de xuro. Os reembolsos así efectuados non levarán penalización.

Sétimo.-Incumprimento do préstamo.

No caso de producirse o incumprimento das condicións do contrato de préstamo, o Igape procederá a dalo por vencido, e requirirá o reembolsamento do capital vivo e os xuros devengados, cunha penalización do 2% flat sobre o importe amortizado anticipadamente.

Oitava.-Garantías.

O Igape tomará as garantías adecuadas segundo as características de cada operación. Se como consecuencia do seguimiento e control que se efectúe durante a vixencia da operación fora notoria a diminución de solvencia da prestameira, procuraranse as accións precisas para reforzar a eventual obriga de reembolsamento.

Novena.-Dereito privado.

Os contratos mediante os que se formalicen as operacións someteranse ao derecho privado.

Décima.-Seguimento e control.

As prestameiras obríganse a someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o Igape ou a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. Para tal fin quedan obrigadas á conservación de toda a documentación orixinal que acredeite a realidade dos investimentos e gastos financiados coas operacións de préstamo.

*Disposición derradeira*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

## ANEXO II



PROCEDIMENTO <b>PROGRAMA DE PRÉSTAMOS PARA FINANCIAR PROXECTOS EN MATERIA DE INNOVACIÓN TECNOLÓXICA</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>EC521A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**I.- DATOS DA EMPRESA**

NOME OU RAZÓN SOCIAL	DATA DE CONSTITUCIÓN	NIF/CIF	
ACTIVIDADE	CÓDIGO CNAE		
NOME E APELIDOS DO REPRESENTANTE LEGAL	DNI		
DOMICILIO DA ENTIDADE	LOCALIDADE		
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

**II.- DESCRICIÓN DO PROXECTO**


**III.- CONDICIONES DO PRÉSTAMO QUE SOLICITA**

IMPORTE	PRAZO DE AMORTIZACIÓN (MESES)	CARENZA (MESES)
---------	-------------------------------	-----------------

**IV.- DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

- CUESTIONARIO - MEMORIA DO PROXECTO.
- PLAN DE DISPOSICIÓN DE FONDOS O QUE UNHA VEZ ACORDADO, CONDICIONARÁ OS PRAZOS DE DISPOÑIBILIDADE DA OPERACIÓN FINANCEIRA E CON BASE NA XUSTIFICACIÓN DOCUMENTAL DA EXECUCIÓN DAS PROGRAMACIÓNS ANTERIORES.
- DESCRICIÓN DAS GARANTÍAS QUE, SE É O CASO, SE OFREZAN PARA CUBRIR O RISCO DA OPERACIÓN.
- CONTAS ANUAIS CORRESPONDENTES AOS DOUS ÚLTIMOS EXERCICIOS.
- AUTORIZACIÓN AO IGAPE PARA RECABAR A INFORMACIÓN ACREDITATIVA DA SOLVENCIA E SITUACIÓN PATRIMONIAL, SEGUNDO ANEXO IV (DEBERASE CUBRIR A AUTORIZACIÓN NA SÚA VERSIÓN EN CASTELÁN).
- CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA DE ENCONTRARSE AO CORRENTE DAS OBRIGAS FISCAIS, COA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA E A SEGURIDADE SOCIAL, EXPEDIDA POLOS RESPECTIVOS ORGANISMOS.
- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA DA EMPRESA (CIF, DNI DO ASINANTE DA SOLICITUDE, ESCRITURA DE CONSTITUCIÓN E DOS ESTATUTOS DEBIDAMENTE INSCRITAS NO REGISTRO COMPETENTE E AS SÚAS MODIFICACIÓNS POSTERIORES, E PODER DO REPRESENTANTE QUE PRESENTA A SOLICITUDE, INSCRITO, SE É O CASO, NO REGISTRO COMPETENTE).
- DECLARACIÓN EXPRESA DE AXUDAS SOLICITADAS PARA O MESMO PROXECTO.
- OUTRA DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA: \_\_\_\_\_

(Marcar con X a documentación da que se acompaña esta solicitud)

O/A abaixo asinante, na representación arriba expresada, con poderes suficientes  
**SOLICITA:**

Ao Igape, a concesión dun préstamo polo importe referenciado, comprometéndose a achegar toda aquela documentación que o Igape lle solicite, a facilitar toda a información complementaria e a permitir todas as comprobacións de datos que sexan necesarias ao parecer do Igape, e declara que todos os datos, informacions e estudos sobre a empresa e o proxecto son certos a todos os efectos e que, en consecuencia, toda falsidade que se encontre nesta solicitude dará lugar ás responsabilidades que puideran ser esixibles legalmente.

Os datos recollidos nesta instancia, pasarán a formar parte dos ficheiros automatizados do Igape. Poderase exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ante a Dirección Xeral do Igape. Complexo Administrativo San Lázaro s/n 15703 Santiago de Compostela.

O asinante, no seu propio nome e no da empresa que representa, autoriza expresamente ao Igape para:

- 1.- Realizar o tratamento automatizado de todos os datos xuntos.
- 2.- De acordo co establecido no art. 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a ceder os datos de carácter persoal incluídos na súa solicitude, a aquelas entidades coas que o instituto colabore para os efectos de tramitar o correspondente expediente administrativo.
- 3.- Realizar as comprobacións que se consideren convenientes en rexistros como a Central de Información de Riscos do Banco de España (CIRBE) e outros, ou comprobar outros antecedentes.

## LEXISLACIÓN APLICABLE

*Resolución do 25 de abril de 2005 pola que se fai público o acordo do Consello de Dirección deste instituto que establece un programa de préstamos para financiar proxectos en materia de innovación tecnolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.*

O REPRESENTANTE LEGAL

SINATURA E SELO

D./Dª: \_\_\_\_\_  
 . de \_\_\_\_\_ de 200\_\_\_\_\_

## (Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
	/ /
REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
	/ /
	DATA DE SAÍDA
	/ /

Director xeral do Igape

*ANEXO III***CUESTIONARIO - MEMORIA DO PROXECTO DE INNOVACIÓN****EXPEDIENTE NÚM.: \_\_\_\_\_****1.1.- DATOS DA EMPRESA**

Nome da empresa:

Enderezo social (rúa, municipio, provincia e código postal):

NIF:

TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

Persoa de contacto:

Capital social actual (no caso de estar constituída):

Desembolsado o \_\_\_\_\_ %

Relación nominal de actuais socios con participación superior ao 10%. No caso de que algún destes socios sexan compañías participadas á súa vez por outras, indicarase o NIF destas, a súa composición accionarial e domicilio social:

Nome e apelidos ou razón social	DNI ou CIF	% Participación

Facer unha relación dos centros de traballo da empresa (co mesmo NIF), a actividade que realizan coa clave da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE), e a súa localización.

**1.2.- Antecedentes empresariais dos promotores ou antecedentes históricos da empresa.**

**1.3.- Capacidad tecnológica e industrial:** descripción dos medios materiais e instalacións de producción más significativas. Certificacións de calidade e medioambientais. Medios materiais e instalacións de I+D más significativas. Desenvolvimentos tecnolóxicos realizados pola empresa e en curso, non considerados no proxecto. Patentes e modelos de utilidade a nome da empresa.

**1.4.- Capacidad comercial:** descripción da organización comercial da empresa (por clientes, por produtos ou áreas xeográficas); persoal, delegacións e representantes nacionais e internacionais. Cota actual da empresa no mercado, tendencia da cota de mercado nos últimos anos e expectativas. Clientes más significativos. Empresas competidoras más significativas. Estrutura e funcionamento da rede de asistencia técnica, se procede.

**1.5.- Equipo directivo:** organograma da empresa. Se a empresa pertence a un grupo empresarial, situala no organograma do grupo.

**2.- DEFINICIÓN DO PROXECTO.****2.1.-Tipo de proxecto:**

- Actividades de desenvolvemento:
  - Investigación industrial
  - Precompetitivas
  - Proxectos de demostración
- Implantación de proxectos de innovación

## 4.5.- Orzamento total e plan de financiamento do proxecto.

	ORZAMENTO TOTAL DO PROXECTO				
	Ano _____	Ano _____	Ano _____	Ano _____	TOTAL
APARELLOS E EQUIPOS DE LABORATORIO					
PLANTA PILOTO					
PROPIEDADE INDUSTRIAL					
OUTROS ACTIVOS FIXOS (agás terreos e edificios)					
INVESTIMENTOS EN ACTIVOS					
PERSOAL TITULADO					
PERSOAL NON TITULADO					
PERSOAL					
MATERIAIS					
Centros públicos de investigación e/ou universidades					
Centros de innovación e tecnoloxía					
Outras colaboracións					
COLABORACIÓN EXTERNAS					
<b>TOTAL</b>					

	FINANCIAMENTO TOTAL DO PROXECTO				
	Ano _____	Ano _____	Ano _____	Ano _____	TOTAL
RECURSOS PROPIOS					
FINANCIAMENTO ALLEO PRIVADO					
Crédito CDTI					
Subvencións					
Outros					
Crédito Igape					
FINANCIAMENTO PÚBLICO					
<b>TOTAIS</b>					

## 5.- PLAN DE TRABALLO E METODOLOXIA.

Actividades técnicas correspondentes a etapas, fases, tarefas,... de execución do proxecto. Exemplo de actividades son estudos de viabilidade técnica, deseño e construcción do prototipo, do sistema de control, probas e posta a punto, montaxe, homologacións técnicas, etc. (Engadir as necesarias).

ACTIVIDADE 1	
DESCRICIÓN	
RESULTADOS ESPERADOS	

ACTIVIDADE 2	
DESCRICIÓN	
RESULTADOS ESPERADOS	

## 6.- CRONOGRAMA. DEFINICIÓN DE FITOS TEMPORAIS DO PROXECTO.

Establecer un cronograma das actividades do proxecto, establecendo fitos temporais. Os fitos temporais son cortes no tempo cunha duración mínima de 6 meses que recollen o grao de avance de execución técnica – económica das diversas actividades recollidas no punto anterior.

Os fitos non se solapan, de maneira que se o fito 1 comeza o 1 de xaneiro e termina o 30 de xuño, o seguinte fito comenzará o 1 de xullo.

Mostraránse os graos de execución por porcentaxes das diversas actividades do proxecto ao longo dos diferentes fitos que se desenvolvan. Por exemplo, nun proxecto de dous fitos:

- Fito 1: do 1 de xaneiro ata o 30 de xuño. As actividades son estudo da viabilidade técnica (100%), deseño básico (100%), deseño do detalle mecánico (50%) e deseño do sistema de control (10%).
- Fito 2: do 1 de xullo ata o 31 de decembro. As actividades son deseño do detalle mecánico (50%) (100% acumulado), deseño do sistema de control (90%) (100% acumulado) e montaxe da planta piloto (100%).

## 7.- ACORDOS CON CENTROS PÚBLICOS DE INVESTIGACIÓN, CENTROS DE INNOVACIÓN E TECNOLOXÍA E EMPRESAS PRIVADAS.

## 8.- MERCADO DO PROXECTO.

Descripción das posibles aplicacións do produto. Vantaxes que comporta o produto ao cliente ou usuario, en comparación coa oferta presente no mercado. Características xerais do mercado. Volume do mercado nacional e estranxeiro relacionado co proxecto. Rede comercial. Estratexia de venda do producto (política de prezos e condicións de venda, accións de promoción, feiras, catálogos, etc..).

## 9.- MEMORIA ECONÓMICA.

Plan económico financeiro previsional para un horizonte temporal mínimo de 5 anos, con descripción das hipóteses nas que se fundamentan as previsións, que conteña:

- Contas de resultados previsionais, indicando, no caso de que se trate dun novo producto, as vendas e custos asociados ao devandito, unha vez finalizado o proxecto, sinalando o número de unidades previstas e o prezo unitario previsto. Se o proxecto consiste nunha innovación de proceso, presentar os aforros de custos e/ou maiores ingresos respecto ao proceso orixinal.

- Plan de tesouraría previsional.
- Balances de situación previsionais.

*ANEXO IV*

**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA  
E FACENDA

*AUTORIZACIÓN ANTE O BANCO DE ESPAÑA*

PROCEDIMENTO	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO	DOCUMENTO
<b>PROGRAMA DE PRÉSTAMOS PARA FINANCIAR PROXECTOS EN MATERIA DE INNOVACIÓN TECNOLÓXICA</b>	<b>EC521A</b>	<b>MODELO PARA PERSOAS FÍSICAS</b>

**AUTORIZO:**

A entidade Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), para que solicite á Central de Información de Riscos do Banco de España un informe dos meus riscos crediticios, autorización que fago extensiva á mencionada Central de Información de Riscos para que facilite os datos interesados.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200\_\_\_\_\_  
Asina:

Asinado: \_\_\_\_\_ (nome e apelidos)  
DNI: \_\_\_\_\_

**PARA FORMALIZAR POLA ENTIDADE DECLARANTE**

Garanto a autenticidade deste documento.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200\_\_\_\_\_  
Asinado:

Nome, cargo e DNI: \_\_\_\_\_

Selo da entidad

*ANEXO IV*

**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA  
E FACENDA

*AUTORIZACIÓN ANTE O BANCO DE ESPAÑA*

PROCEDIMENTO <b>PROGRAMA DE PRÉSTAMOS PARA FINANCIAR PROXECTOS EN MATERIA DE INNOVACIÓN TECNOLÓXICA</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>EC521A</b>	DOCUMENTO <b>MODELO PARA PERSOAS XURÍDICAS</b>
--	---	---

**AUTORIZO A:**

A entidade Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), para que solicite á Central de Información de Riscos do Banco de España un informe dos riscos crediticios da entidade \_\_\_\_\_

NIF \_\_\_\_\_, autorización que fago extensiva á mencionada Central de Información de Riscos para que facilite os datos interesados.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200\_\_\_\_\_  
Sinatura:

Nome e cargo do asinante: \_\_\_\_\_

DNI: \_\_\_\_\_

**A FORMALIZAR POLA ENTIDADE DECLARANTE**

Garanto a autenticidade deste documento.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200\_\_\_\_\_  
Asinado:

Nome, cargo e DNI: \_\_\_\_\_

Selo da entidade

## ANEXO V

## DECLARACIÓN EXPRESA DAS AXUDAS SOLICITADAS PARA O MESMO PROXECTO

D/Dona \_\_\_\_\_ con DNI nº \_\_\_\_\_ en nome e  
representación da entidade \_\_\_\_\_ con NIF/CIF nº \_\_\_\_\_.

## DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que, para a actuación denominada \_\_\_\_\_ esta  
entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

	Organismo e ano	Importe (pesetas/euros)	Disposición reguladora
Axudas concedidas	_____	_____	_____
	_____	_____	_____
	_____	_____	_____
	_____	_____	_____
Axudas solicitadas	_____	_____	_____
	_____	_____	_____
	_____	_____	_____
	_____	_____	_____
Axudas en réxime de mínimis	_____	_____	_____
	_____	_____	_____
	_____	_____	_____
	_____	_____	_____

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data da presente declaración.

E AUTORIZA o Igape para que, conforme co disposto no artigo 2.4º da orde do Ministerio de Economía e Facenda do 18 de novembro de 1999 e cos requisitos sinalados no artigo 18.1º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, en materia de axudas e subvencións, solicite da Axencia Estatal de Administración Tributaria, da Consellería de Economía e Facenda, e dos órganos da Seguridade Social a información a que se refire o artigo 78.4º c) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, en relación co cumprimento das obrigas tributarias estatais e coa Comunidade Autónoma de Galicia de entidade solicitante.

E para que así conste ante o Instituto Galego de Promoción Económica, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

En \_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Sinatura e selo da entidade)

#### IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓN INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Orde do 20 de abril de 2005 pola que se elevan a definitivas as propostas de aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso en diversas categorías do grupo I, convocadas pola Orde do 6 de agosto de 2003, de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia.*

De conformidade co disposto na base cuarta da convocatoria para o acceso a diversas categorías do

grupo I, levada a efecto pola Orde do 6 de agosto de 2003 (DOG nº 164, do 26 de agosto), remitida polo tribunal a proposta de aspirantes que superaron o proceso selectivo, esta consellería

**DISPÓN:**

Primeiro.-Elevar a definitiva a proposta dos aspirantes que superaron o proceso selectivo da categorías correspondentes ao grupo I e que se relacionan como anexo a esta orde.

Segundo.-Os aspirantes que constan no dito anexo deberán remitir, no prazo de 20 días, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no

**2.2.- Obxectivos xerais do proxecto (técnicos, comerciais, ambientais, estratéxicos, etc.).**

**2.3.- Actividade relacionada co proxecto coa súa clave CNAE.**

**2.4.- Descripción técnica.**

**2.5.- Localización do proxecto.**

**2.6.- Estrutura do cadro de persoal ao final do mes anterior ao da solicitude:**

	No centro onde se realizará o proxecto	Nos demais centros	<b>TOTAL</b>
Contratación indefinida			
Contratación temporal			
<b>TOTAL</b>			

**2.7.- Creación de postos de traballo cos investimentos:**

	No centro onde se realizará o proxecto	Nos demais centros	<b>TOTAL</b>
Contratación indefinida			
Contratación temporal			
<b>TOTAL</b>			

### **3.- ESTADO DA TÉCNICA.**

Incluír unha somera análise do "estado da técnica" no mercado, que permita xustificar e valorar o grao e alcance da innovación suposta ao proxecto.

### **4.- MEMORIA-ORZAMENTO DOS INVESTIMENTOS.**

Resumo do orzamento de investimento financiable. Para cada concepto abaixo indicado xuntarase "relación completa, detallada e valorada" das unidades que o componen, características e modelo, indicando as de procedencia non nacional. Poderanse engadir facturas proforma, que melloren a información dos bens de equipo que se vaian adquirir.

**4.1.- Detalle dos investimentos en aparellos e equipos:**

DESCRIPCIÓN	ORZAMENTO				
	Ano ____	Ano ____	Ano ____	Ano ____	TOTAL
APARELLOS E EQUIPOS DE LABORATORIO					
PLANTA PILOTO					
PROPIEDADE INDUSTRIAL					
OUTROS ACTIVOS FIXOS (agás terreos e edificios)					
<b>TOTAIS</b>					

#### **4.2.- Persoal da empresa que vai participar no proxecto:**

**4.3.- Desagregamento dos materiais utilizados (compoñentes para construcción de prototipos, probas, funxibles, etc.):**

		ORZAMENTO			
DESCRICIÓN	Ano _____	Ano _____	Ano _____	Ano _____	TOTAL
<b>TOTAIS</b>					

#### **4.4.- Colaboracións externas no proxecto.**

		ORZAMENTO			
DESCRICIÓN	Ano _____	Ano _____	Ano _____	Ano _____	TOTAL
Centros públicos de investigación e/ou universidades					
Centros de innovación e tecnoloxía					
Outras colaboracións					
<b>TOTAIS</b>					